

Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 19 de febreiro de 2019

Asistentes

Equipo decanal:

Bergareche Gros, Almudena
Noriega Rodríguez, Lydia
Jiménez Alemán, Ángel Aday
Pazos Pérez, Alexandre
Torres Pérez, Francisco J.

PDI A:

Aneiros Pereira, Jaime
Arias Martínez, M^a Antonia
Domínguez Rubira, Carmen
Fernández Acevedo, Rafael
Fernandez Docampo, M^a Belén
Ferrero Martínez, María Dolores
Grande Seara, Pablo
Mariño de Andrés, Ángel M.
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, María Teresa
Muleiro Parada, Luis Miguel
Pillado González, M^a Esther
Pita Grandal, Ana M^a
Rodríguez Damián, Amparo
Ruiz Hidalgo, Carmen
Tato Plaza, Anxo
Valcárcel Fernández, Patricia
Valeije Álvarez, M^a Inmacula

PDI B:

Barreiro Carril, M^a Cruz

Alumnos 1º, 2º e 3º ciclo:

Farto Piay, Tomás
Louredo Casado, Sara
Riquelme Vázquez, Pablo

PAS:

Erias Pérez, Jesús
Moldes Portela, Alba Victoria

Escusan a súa ausencia:

Bravo Bosch, M^a José
Cal Bouzada, Isabel
Ibáñez Paz, Regina
García Gestoso, Noemí
García Mosquera, Marta
Fernández Carballo-Calero, Pablo
Manzano González, Baltasar
Montesinos Padilla, Carmen
Movilla Pateiro, Laura
Loveira Pazó, Rosa M^a

O 19 de febreiro de 2019, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 12:12 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión ordinaria da Xunta de Facultade, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 19 de decembro de 2018.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, da PDA para o Grao en Dereito para o curso 2019/2020.
4. Aprobación, se procede, da PDA para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2019/2020.
5. Aprobación, se procede, da PDA para o PCEO ADE-Dereito para o curso 2019/2020.
6. Aprobación, se procede, dos límites de prazas de acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS (traslados desde universidades españolas e estranxeiras) e para cambio de centro no Grao en Dereito, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e no PCEO ADE-Dereito para o curso 2019/2020.
7. Aprobación, se procede, do profesorado responsable do PAT para o curso 2019/2020.
8. Aprobación, se procede, da distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2019/2020.
9. Aprobación, se procede, da declaración de interese para a modificación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
10. Aprobación, se procede, do nomeamento da Secretaría do Máster en Avogacía.
11. Aprobación, se procede, de modificación dos horarios do Grao en Dereito.
12. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 19 de decembro de 2018.

Apróbase por unanimidade.

2. Informes da Sra. Decana.

A Decana expresa o seu agradecemento ao equipo decanal por asumir a responsabilidade de dirixir o centro no seu ausencia.

Escusan a súa ausencia as profesoras Regina Ibáñez Paz, Marta García Mosquera, Laura Movilla Pateiro, Baltasar Manzano González, Carmen Montesinos Padilla, Isabel Cal Bouzada, Noemi García Gestoso, Rosa Loveira Pazó, Emma Rodríguez Rodríguez, María José Bravo Bosch, Pablo Fernández Carballo-Calero.

A Decana informa que o Centro participou en diferentes actividades de captación de alumnado.

3. Aprobación, se procede, da PDA para o Grao en Dereito para o curso 2019/2020.

A Decana explica que se propón a mesma PDA que a que se aprobou para o curso 2018/2019, máis aló dunha redución de 10 horas que estaban atribuídas a prácticas externas e o traballo de fin de grao.

Apróbase por unanimidade.

4. Aprobación, se procede, da PDA para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para o curso 2019/2020.

A Decana afirma que para o Grao en Relacións Laborais tamén se propón a mesma PDA que se aprobou para o curso 2018/2019.

Apróbase por unanimidade.

5. Aprobación, se procede, da PDA para o PCEO ADE-Dereito para o curso 2019/2020.

A Decana explica que para o curso 2019/2020 atribuíronse menos horas para o PCEO, o que supón que o 4º curso perda un grupo de prácticas.

A profesora Belén Fernández expón a dificultade de impartir clases prácticas con grupos de 35 alumnos.

A Decana traslada os datos dos intercambios de mobilidade do alumnado de 4º e 5º curso.

A profesora Carmen Ruiz, como directora dun departamento que engloba a dúas áreas prexudicadas directamente, incide na dificultade de realizar prácticas con máis de 20 alumnos e solicita votación.

O profesor Rafael Acevedo intervéñ no mesmo sentido.

A profesora Helena Martínez Hens, como profesora de materias impartidas en 4º, expón que o número de alumnado é menor ao afirmado anteriormente.

O profesor Pablo Grande expresa o seu apoio á PDA contando e ao compromiso da Decana para seguir negociando.

A profesora Carmen Ruiz solicita votar a PDA tal e como figura no punto do orde día.

A profesora Esther Pillado solicita aclaración sobre se a Decana vai seguir tratando que a PDA do PCEO conte con dous grupos prácticos en 4º e en 5º. A Decana manifesta o seu compromiso.

Procédese a votar co seguinte resultado: Votos a favor 15, en contra 8 e 3 abstencións.

6. Aprobación, se procede, dos límites de prazas de acceso por recoñecemento de 30 créditos ECTS (traslados desde universidades españolas e estranxeiras) e para cambio de centro no Grao en Dereito, Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e no PCEO ADE-Dereito para o curso 2019/2020.

A Decana expón que a proposta consiste en manter as mesmas cifras ofertadas no curso 2018/2019

Apróbase por unanimidade.

7. Aprobación, se procede, do profesorado responsable do PAT para o curso 2019/2020.

A Decana informa que máis alá da rotación acordada, o único cambio débese a que o profesor Xullo Costas solicitou non participar, e foi substituído pola profesora Rosa Rodríguez Martín-Retortillo.

Apróbase por unanimidade.

8. Aprobación, se procede, da distribución da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso 2019/2020.

A Decana cede a palabra á vicedecana Lydia Rodríguez, quen aclara que o profesorado con descontos por coordinación son os do grao en Dereito, non os do PCEO, criterio que

se mantivo ata agora. As modificacións débense a que hai un tribunal de TFG máis tras a completa implantación do PCEO.

A profesora Belén Fernández Docampo expón que a coordinación de materias no PCEO tamén supón traballo e non é recoñecido.

Apróbase por unanimidade.

9. Aprobación, se procede, da declaración de interese para a modificación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

A Decana expón os dous problemas que se identificaron na memoria actual: Mesma ficha entre Economía Laboral e Economía Española e o cadro de adaptacións. Polo que se expón manifestar interese en modificar o grao estritamente para emendar estes erros.

A profesora Pita Grandal pide ao secretario que conste en acta o obxectivo desta modificación. A Decana le a declaración de interese redactada e que se transcribe a continuación:

“- Que na reunión da Xunta da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo celebrada o 19 de febreiro de 2019 aprobouse a declaración de interese para a modificación do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos para a estrita corrección das seguintes cuestións:

- Identidade de contidos nas fichas de dúas materias: Economía Laboral e Economía Española.
- Táboa de recoñecementos.”

Apróbase por unanimidade.

10. Aprobación, se procede, do nomeamento da Secretaría do Máster en Avogacía.

A Decana felicita ao profesor Pablo Grande Seara, novo director do Departamento de Dereito Público, e agradece os seus servizos tanto á anterior directora, a profesora Esther Pillado González, e a Pablo Grande Seara, quen por incompatibilidade sobrevinda non pode continuar desempeñados as funcións de secretario do Máster.

Propónse á profesora Emma Rodríguez Rodríguez como secretaria do Máster.

Apróbase por unanimidade.

11. Aprobación, se procede, de modificación dos horarios do Grao en Dereito.

A Decana explica que o cambio afecta á docencia de Dereito Constitucional II do Grao en Dereito, e débese á baixa de Noemi García Gestoso. Os grupos prácticos A e D pasan a impartirse o mércores a partir das 12:45 por dúas profesoras.

Apróbase por unanimidade.

12. Rolda aberta de intervencións.

No houbo.

Finaliza a sesión ás 12.51, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán